



ÍNDICE - SUMARIO

Nº 202
Volume XLI
marzo - abril 2017

Para poder acceder a todo o contido deste nº da revista ten que subscribirse (en edición dixital ou en papel), tendo, ademáis, acceso, en dixital, a cáseque tódolos números publicados. Pode consultar os requisitos na seguinte ligazón: <http://www.encrucillada.gal/index.php?s=3>.

Guieiro

por Pedro Castelao 3

Estudos

Integrar fe e vida nunha Igrexa en saída

Por Andrés López Calvo 5

Desenvolvemento e perspectivas dun sínodo diocesano

por Alfonso Novo Cid-Fuentes 22

Unha luciña na escuridade: radiografía espiritual de Carlos Casares

por Xavier Carro 35

Achegas

A Escola de Espiritualidade e o seu papel na formación e maduración da fe

por Mencha Leirós de la Peña 52

A fe que medra na lentura da comunidade

Por Manuel Regal Ledo 60

O Espazo de Teoloxía Feminista. Cando Deus se revela en feminino

Por Marisa Vidal Collazo 68

Documentos

Declaración da Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria en resposta ao comunicado do señor arcebispo de Santiago sobre a ordenación das mulleres

Por Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria 73

Querida Sophia

Por Christina Moreiras 78



In memórium

Un Home Animal. Fran Pérez, NARF
Por Pepe Sendón 80

Mónica Omorodion
Por Xaquín Carrero Díaz 89

Crónicas

Síntomas de desorientación e crise
por Xosé Luís Barreiro Rivas 91

«Cornelia», na praia da Lanzada hai 2000 anos
por Xoán Bernárdez Vilar 99

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 112

Recensións

Filocalia de los Padres Népticos
por Hna. Paula Téllez González, OCSO 122

Ilustracións

por Soedade Pite 41, 85



É un signo do noso tempo a apoteose do provisional, o enxalzamento do cambio, o eloxio do traslado e o movemento. O progreso é concibido coma adaptación continua, mutación constante, actualización sempre aberta e sempre disposta a un novo comezo.

Pola contra, o estable, o permanente, o inmutable, o herdado connota o desagradable recordo do rancio conservadorismo, o perigo de quedarse atrás, o medo de quedar superado polo propio tempo. E todo isto coma algo fondamente *demodé* do que cómpre fuxir coma do demo.

O triunfo de Zara e Ikea serían imposibles se non imperasen na nosas sociedades globalizadas os valores *lowcost* da celeridade, a utilidade inmediata e a posibilidade de tirar novamente con todo cando nos dea a gana. Esta é a clave: que nada nos ate, que nada nos pese, que todo sexa portátil, que nada nos impida o cambio, a transformación, o movemento, ese novo comezo do que sempre, cada certo tempo, parecemos precisar.

Non será esta unha das razóns de que a nosas vidas teñan tantas posibilidades de expansión e reincidencia horizontal e tan poucas de profundidade vertical? A entronización do mudable impide a decisiva aposta pola permanencia, a autenticidade, a resistencia, calidades esas sen as cales non hai existencia humana digna de ser vivida. A parva admiración polo cambio mesmo posibilita o crecemento de persoas e movementos con discursos camaleónicos cuxa divisa se cifra na adaptación continua cristalizada en discursos oscilantes que din a todos o que cada un quere ouvir. Non hai palabra. Non hai pasado. Só unha leve e provisional instalación no presente que está convencido de que sempre pode facer novo o que xa concibiu fráxil e nunca perentorio.

E así temos existencias *bonsáis*. Podando ramas e coutando raíces vivimos vidas achicadas incapaces de atreverse a pensar a eternidade. E sen pregunta pola eternidade non hai presente radical, non hai densidade vital que nos permita concibir a liberdade que nós mesmos somos coma a nosa capacidade para o definitivo, para o que xa non queremos someter novamente a ningunha nova negociación, para aquilo que asumimos como esencial e constitutivo na

nosa existencia. Ulises atouse ao mastro do barco para resistir, para permanecer, para afirmarse a si mesmo ante o engaiolante reclamo dos cantos de serea. Ser libre é atarse á palabra definitiva e facerse un con ela mantendo o propio discurso –feito vida– no balbordo sempre oscilante e atractivo do ruído social.

Isto é o que significa personalizar a fe. Isto é o que nos ofrece o cristianismo: un proceso de configuración persoal no Espírito coa Palabra eterna de Deus Pai. Disto trata este novo número de Encrucillada.

Andrés López Calvo estuda os procesos catecumenais de iniciación. Alfonso Novo os pasos dados no último Sínodo Diocesano de Compostela ao respecto. E tanto Mencha Leirós coma Marisa Vidal e Manolo Regal nos achegan espazos –coma a Escola de Espiritualidade, o Espazo de teoloxía feminista ou o ámbito comunitario máis próximo– onde é posible enraizarse nun camiño no que o cambio implica repouso, asentamento, maduración e afondamento.

En liña con estes mesmos procesos está o artigo de Xavier Carro sobre Carlos Casares, autor homenaxeado neste ano 2017 no día das Letras Galegas. A dimensión relixiosa é busca continua do rostro de Deus. O prof. Carro, e a ilustración de Sole Pite, axudan ao lector a percibir na vida e na obra do escritor ourensán eses invisibles sendeiros de transcendencia.

Na sección de documentos recolleemos dúas cartas. Unha escríbea Christina Moreira e outra as Mulleres Cristiás Galegas. A primeira fala da vocación da autora ao sacerdocio. A segunda vai dirixida ao arcebispo de Compostela, logo de facer pública unha nota sobre a cuestión do sacerdocio feminino a propósito da aparición nos medios do ministerio de Christina.

No lugar para o recordo facemoslle sitio a unha muller cun periplo vital digno de coñecer –Mónica Homorodion– e a un músico especial voceiro dunha cultura galega emerxente nas noites compostelás: Narf.

Pechamos o número coas habituais crónicas e cunha interesante recensión.

Pedro Castelao